

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

### ADDENDA NÚM. 1 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE OZA-CESURAS PARA O FINANCIAMENTO DA REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

#### 1.- Competencia

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ao abeiro do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73 do 14 de abril) e en virtude do artigo 13.1 do Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería (DOG núm. 101 do 27 de maio), modificado polo Decreto 48/2025, do 16 de xuño (DOG núm. 122, do 27 de xuño), ten atribuídas competencias específicas en materia de urbanismo que exerce a Dirección Xeral de Urbanismo, entre as que se atopan, a tramitación administrativa dos instrumentos de planeamento urbanístico e o apoio técnico e económico e a colaboración coas entidades locais para a formulación e tramitación do planeamento urbanístico e a súa xestión e execución. Así mesmo, correspóndelle a asistencia e coordinación aos concellos en relación cos expedientes das subvencións que, en materia de planeamento, se tramiten na consellería.

#### 2.- Antecedentes

O antecedente da addenda núm. 1 á que se refire a presente memoria e o Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Oza-Cesuras, asinado o 10 de xullo de 2025, cuxo obxecto é a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

#### 3.- Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Oza-Cesuras o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura e estará vixente durante tres anos, sen prexuízo de que ambas as partes acorden unánimemente unha prórroga por un período máximo de tres anos adicionais en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015.



#### **4.- Obxecto**

O obxecto da addenda ao convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Xunta de Galicia e o concello de Oza-Cesuras, para a redacción do documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

#### **5.- Fundamentos do instrumento convencional**

O Concello de Negreira mediante escrito do 27 de novembro de 2025 solicitou a reunión da Comisión de seguimento do convenio para adaptar os compromisos adquiridos á realidade da programación de execución dos traballos de redacción.

A comisión, segundo consta na acta da súa reunión do 18 de marzo de 2026, á vista do exposto polo concello formula unha proposta de reaxuste das anualidades, co fin de adaptar o investimento á realidade da execución do obxecto contractual subvencionado.

Para a tramitación desta addenda ao convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica  
María Encarnación Rivas Díaz, Directora xeral de Urbanismo

